

Data da assemblea: 28/11/2011
Lugar: O Burgo
Hora: 19:30 primeira convocatoria

PUNTO 0.- Asistentes e organización de moderador e actas

- Monte Alto
- Ría
- Mallos
- Obelisco

- Actas: Carlos Alberto e Rubén
- Moderación: Neuca

PUNTO 1: Proposta de orde do día e enmendas

- 1.- Información de Barrios e Vilas
- 2.-IIª Xuntanza Indignada “Xornada de traballo”
- 3.- Valoración Eleccións
- 4.- Varios:
- 5.- Orde do día e planificación da seguinte reunión da Rede.

PUNTO 2: Corpo de Acta

1.- Información de Barrios e Vilas

Os Mallos: con respecto ao megáfono a semana pasada empregárono para facer unha acción de difusión no barrio, coa que fixeron un vídeo de promoción e prepararon unhas tarxetas de presentación para poder entregar os contactos electrónicos ás/aos veciñas ou veciños que se mostraran interesados no que estaban a dicir na rúa. É dicir, precisan empregalo e saben que fai falla noutras assembleas, de modo que se ofrecen a levalo este xoves para poder recollelo ese mesmo día, xa que o venres teñen, outra semana máis, difusión polo barrio.

Ofrécense a comprar unhas pilas propias para o barrio e así cando usen o megáfono porán as súas propias pilas, facéndose cargo da súa reposición para as súas accións no barrio.

Con respecto á acción assemblearia, será o próximo día 9 de decembro (non é un primeiro venres de mes, tal e como consta no anterior acta, senón o segundo) xa que a maioría están todavía traballando coa Asamblea do Agra. Coincide que o segundo xoves deste mes de decembro é festivo por iso os do Agra decidiron cambiala ao terceiro xoves de mes. Queren contar con xente de ATTAC na Asamblea do día 9 dos Mallos e que dean unha charla.

Por último, o Boletín de Difusión Dixital é unha ferramenta de comunicación que se propoñen realizar nos próximos meses, teñen propostas de etapas de traballo concretas, como a primeira de difusión e a segunda de consolidación da práctica assemblearia no barrio, previas a esta acción. De todos modos propoñen que se parta de tres campos de traballo e difusión: local, nacional e internacional, de modo que se está toda a información do que vai suceder á seguinte semana o venres, o BDD (Boletín de Difusión Dixital) convértese nunha ferramenta moi útil para difundir as súas propias convocatorias.

A persoa que asistiu dos Mallos (Carlos Alberto) tamén informa das novidades das que é coñecedor nas Asembleas de Agra e Universidade: a próxima asemblea do Agra será o día 15 de decembro, e a próxima da Universidade o 30 de novembro.

Monte Alto: durante a semana pasada comentouse a posibilidade de facer unha charla contando coa participación de Ramonet e Ramón Chao. Ao final non se puido contar coa presenza de ningún dos dous e non se puido levar a término. Ademais había programada con antelación unha charla sobre temática laboral: curriculums, cómo facelos, como facer unha entrevista de traballo... estaba convocada polo grupo de Laboral, mais tampoco se fixo porque ía coincidir en día e hora coa de Ramone e Chao.

Este xoves haberá temática sobre a sanidade, ademais porase de acordo Rubén con Iñaki dos Mallos para que teñan o megáfono da rede.

Recordan o acto de ocupación simbólica do centro cívico que non les facilitaron.

Xa están os resultados das enquisas sobre o pequeno comercio realizadas no barrio. Sobre o tema do carril bus, un compañeiro enterouse de que Adega e Greenpeace fixeron un comunicado polo mesmo e plantéxanse algún outro acto, mais todavía está no aire.

Con respecto á Xuntanza Indignada insisten en que se celebre o 14 de xaniero e xa foron avanzando traballo sobre os tres puntos propostos pola Ría en pasadas reunións.

Fixeron o fin de semana pasado o mercadillo de troco e queren facer outro conxunto no Obelisco o día 17 (a proposta inicial for a de Palavea). Informan de que os de Rede Troco queren facer ese mesmo día un troco en Monte Alto pola mañá. Haberá que decidir o horario do troco conxunto no Obelisco.

Ría: hai varias propostas:

- Información da comisión do transporte con xente do AVE, para facer traballo do tema de transporte. Afecta a toda a área metropolitana. Queremos que as Asembleas discutan os eixos:

- coordinación entre as diferentes empresas de: tren de cercanías + autobuses + transporte adaptado

Reúnense o vindeiro día 30. O tema do carril bus xa foi avanzado por Montealto que ten recollidas sinaturas.

- Tema da Sanidade: peche do CIM (Centro de Información á Muller)

Propoñen que durante decembro denunciemos a situación actual do Servizo de Sanidade. Ademais cando aconteza calquera cousa nalgún centro da nosa área de traballo, que vaiamos a maior parte da xente posible a facer unha concentración ás portas. Reivindicacións dos hipotéticos carteis que se poderían repartir:

- Contra o repago.

- contra a retirada da tarxeta sanitaria aínda que deron marcha atráis á lei que querían aplicar (existe dende o ano 1984).

- Contra o recorte dos servizos

- Outros puntos que figuran no acta da Ría do martes pasado

Para o reparto nos centro de saúde que se faga unha folla común, convocar nas asembleas temáticas o 15 de Xaneiro para unha charla coa Plataforma "SOS Sanidade" en Cambre. Van contar tamén cun traballador dos centros de saúde de Cambre e Sta. Cruz.

Obelisco: estiveron dúas persoas do Obelisco: Noe (n0314@hotmail.es) e Bárbara (comisionitinerante.coruna@gmail.com) que participaron en toda a reunión. Aportáronnos a seguinte información:

Bárbara: estivo en Niza o mes pasado, na cumbre do G-20 onde se reuniron varias persoas de diferentes países para aunar esforzos coordinados a nivel internacional e plantexáronse convocar unha Folga Xeral Mundial. Aquí en Coruña se reúnen os venres ás 20:00 horas no bar Centro Gallego, detrás del Obelisco. Solicitan participación para:

- Decidir reivindicacións a nivel Rexional, Nacional e Internacional
- Fomentar a relación con todo tipo de organizacións: partidos, sindicatos e calquera outra organización.

Noe trasladounos a información do que se acordou a semana pasada no Obelisco:

- 10 de Decembro - Realizar un acto coa maior parte das asociacións polo Día dos Dereitos Humanos. Sempre se fai por separado e aínda que haberá accións particulares propónse que se faga algo en conxunto con todas as organizacións posibles. Mandarán unha carta a todas elas para que quedemos. Aínda non teñen nada decidido.
- 13 de Decembro - Pola mañana haberá un Acto dentro da Oficina de Nova Galicia Banco (antigua Caixa Galicia) de San Andrés. Para poder entrar dentro do edificio están falando cola CIG. Tamén se propoñen outras accións de denuncia pública desa entidades mediante carteis... Stop Desahucios pediu que non se mencionara o seu nome porque están en negociacións con Nova Galicia polo caso dun desafiuzamento e non queren perxudicar á persoa afectada.
- 21 de Decembro - Convocatoria Nacional proposta por Sol de Toma a Bolsa (<http://www.facebook.com/event.php?eid=144330799001581>). Ese é o evento en Facebook, ao ter na nosa cidade unha oficina do Banco de España convocáronnos directamente. Se convoca con dous puntos de orden do día; 1º.- Unha reforma constitucional que obligue a facer públicas todas as contas das Administracións Públicas xunto coa creación dun tribunal para xulgar os casos de uso ilícito de diñeiro destinado ao rescate de bancos y caixas. 2º.- Abolición da Lei 13/1994 que da total autonomía ao Banco de España e publicar todas as contas do rescate á banca e endurecemento das penas onde haxa habido un aproveitamento persoal de diñeiro público.
- 28-29 de Enero - Xornadas Indignadas na Costa da Morte (en Carnota). O concello de Carnota púxose en contacto con DRY Coruña co obxectivo de facer unha Xornada Indignada na Costa da Morte. También se falou de que iso fomentaría o mercado local de artesanía. Propúxose convocar a todas as asembleas de Galicia, e facer unha xuntanza. Queren que a Rede propoña unha charla (habería que tela decidida antes de xaneiro). Cóntase co apoio do Alcalde que presumiblemente facilitaría un pabellón para os actos e incluso para durmir, ya que se fala de xornada dobre.

Informámonos de que continúan difundindo información a través de internet e de que van cambiar o logo da Acampada Coruña. Ademais, comentan que ATTAC Vigo iniciou unha recollida de firmas para que a fiscalía actúe de oficio no proceso de bancarización das caixas.

2.-IIª Xuntanza Indignada “Xornada de traballo”

Ría: Proñen ser máis directos na orde do día:

- .- Balance do que fixemos, do feito ata o de agora.
- .- Debate do 8 puntos + ¿Cómo levalos a sociedade?
- .- Protocolo

A Ría acepta a data proposta por Monte Alto (14 de xaneiro), mais puntualiza que non quere que se produza unha nova modificación na data, e pide que as distintas asembleas aproben esa.

Propoñen deste xeito porque primeiro discutiremos, debatiremos e “retorceremos” as nosas prácticas. Logo escolleremos o xeito de continuar traballando e as ferramentas.

O grupo de traballo existente ten que convocar unha reunión para encargarse da loxística propia deste evento. Por un lado teñen que recopilar as distintas posicións das distintas asembleas ante a súa primeira proposta e teñen que propoñer unha orde de traballo, unha ubicación e un horario, así como a previsión para a comida e todo o preciso para facela tarefa fundamental da Xuntanza.

Remarcan a importancia do protocolo para a relación exterior e o traballo na asemblea da rede de vilas e barrios da coruña e os grupos transversais de traballo para incorporar as prácticas que se quedan fora da práctica das asembleas da rede.

A Noe do Obelisco parécelle moi interesante e pensa en expor as conclusións da xuntanza en Carnota.

A Ría insiste en que cada asemblea é autónoma e responsable do seu traballo, pero orientan nunha ponencia para cada un dos temas, de xeito que podamos facer unha ponencia común.

3.- Valoración das Eleccións.

Na Ría iniciouse un fio de conversación electrónica no que as intervencións pesimistas se sumaron mais ao final un compañeiro sacou unha conclusión interesante: “O bipartidismo rompeu por onde tiña que romper: pola esquerda, polo PSOE”. Logo sumaron no ámbito galego a este análise ao BNG.

Todas as persoas presentes comparten que o 15M incidiu moito nesa cuestión.

Ante a posibilidade de que se adianten as próximas eleccións galegas e ante a evidencia de que practicamente cada ano haxa procesos electorais, propónse que se traten estes temas nas distintas asembleas, para que non teñamos outra vez que andar con indecisións e titubeos nada propios da nosa acertada posición de non considerar a política só como votar cada catro anos, que hai máis aínda que esa sexa unha parte.

4.- Varios:

Propónse que se sistematice a responsabilidade de cada asemblea da Rede para cada reunión, polo de agora sabemos que se cambia cada dúas reunións e que orde aínda a imos recordando. En todo caso é unha tarefa que deben facer as propias asembleas e logo as persoas que participen en cada asemblea da rede teñen que aplicar.

5.- Orde do día e planificación da seguinte reunión da rede

Agra ten a responsabilidade da seguinte se seguimos a dinámica comezada fai xa uns cantos meses. Buscará local e no-lo comunicará.

Proposta da orde do día seguinte:

1.- Información de barrios.

2.- Sanidade.

3.- IIª Xuntanza Indignada.

4.- Xornadas de troco o 17-D

5.- Carril bus

6.- Varios (por exemplo sistematizar a orde da organización das próximas reunións de Interbarrios)

7.- Orden do día e planificación da seguinte reunión da rede